

CIRCULAR 26-2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE 10.000 M EN PISTA AIRE LIBRE E DAS CATEGORIAS JUNIOR E PROMESA (TROFEO AURUM)

Ourense, 19 de Marzo 2016

Art.1) A F.G.A e o Club Aurum organizará o Campionato de Galicia de 10.000 e das categorías junior e promesa nas pistas de Ourense o vindeiro sábado **día 19 de marzo** do 2016.

Art.2) Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 15 de marzo do 2016.**

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) **10.000 Absoluto:** Sen marca mínima. A condición esixida será a de figurar na tempada actual ou anterior en 5.000/10.000 m. entre os 12 primeir@s



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



do ranking absoluto ou clasificarse entre os 20 primeir@s do Campeonato de Galicia de campo a través 2016.

10.000 Promesa e Junior: Sen marca mínima. A condición esixida será a de figurar na tempada actual ou anterior en 5.000/10.000 entre os 8 primeir@s do ranking da categoría ou clasificarse entre os 10 primeir@s do Campeonato de Galicia de campo a través 2016.

Art.7). Os atletas deberán utilizar o dorsal personalizado que foi entregado pola FGA, de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles. Os atletas que non dispoñan de dorsal personalizado se lle entregará un no momento da inscrición.

Art.8). Horario da competición

Carreira masculina 19:00 horas e Carreira feminina 18:00 horas

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orden, segundo as normas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 4 marzo de 2016